Sandra González Álvarez (1 para 1)
ALCALDESA DE TOMIÑO
Data de Sinatura: 15/09/2021
HASH: 860d26511 0cc2811998db821b033a571

ALEGACIÓNS POR PARTE DO CONCELLO DE TOMIÑO AO ANTEPROXECTO DE LEI DA MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

ANTECEDENTES

Recibido o anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo Integral da Auga, por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, con prazo de alegacións do 23 de xullo ao 15 de setembro do 2021.

Sendo a auga un ben necesario e protexido polos cidadáns tanto para o consumo das diferentes parroquias do Concello como para o abastecemento e control dos ecosistemas acuáticos que tan diversos e ricos son en Galicia.

En ningún punto deste anteproxecto de lei, se teñen en conta, por exemplo, a protección dos nacementos fluviais, as augas subterráneas ou as captación de augas para a veciñanza, é dicir, o ciclo integral e completo da auga, céntrase no proceso final de depuración de augas co cal o nome por si en incorrecto.

Dende o Concello de Tomiño, consideramos importante e vémonos na obriga de presentar as seguintes alegacións:

- Propor que o goberno galego teña competencia plena dos recursos hídricos, planificación e xestión de todas as augas de todo o territorio.

- A previa elaboración dun Plan Xeral de Abastecemento e Plan Xeral de Saneamento por parte do Goberno Galego, como aparece establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

- Apertura do procedemento participativo, cos concellos e a veciñanza, especificamente con Comunidades de Usuarios de Augas e demais colectivos sociais relacionados co ciclo integral da auga. Este proceso dará lugar a un Plan sectorial, xa que eles, son os principais xestores destes recursos.
  O anteproxecto amosa un total descoñecemento da realidade rural sen apenas destacar o importante papel das comunidades de usuarios no ciclo integral da auga.
  No Concello de Tomiño existen máis de 30 agrupacións que xestionan a súas captacións de augas e neste anteproxecto non se lles ten en conta.

Cod. Validación: 7GFSZEZY33TZQGPYHTCJAA79M | Corrección: https://tomino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

- A oposición a creación de dous canons a maiores: o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de rede de colectores. Pasando dun único canon de coeficiente de vertedura a dous. O que suporía máis gastos para o contribuínte.

- En relación a elaboración dos plans que aparecen nos artigos 10, 11 e 13 por parte das administracións responsables do servizo. Moitos concellos, no que se inclúe o de Tomiño, non dispoñen de persoal para a elaboración e redacción de tales plans, tendo que realizar contratacións externas con maiores custos para as administracións locais.

- O Concello de Tomiño demanda unha definición clara das competencias de cada Administración, xunto, como se comenta anteriormente, o apoio os demais xestores de augas como poden ser as comunidades de usuarios de augas e particulares. Que se teña en conta tamén, outros sistemas de xestión de saneamento, de escala reducida e así mellorar a calidade ambiental de diferentes poboacións.

- A negación a que o anteproxecto de lei, faga recaer sobre as entidades locais competencias propias da Administración Galega, sen ir acompañado dun compromiso de financiamento, tal e como se recollía na Lei 8/2001, do 2 de agosto, de Protección da Calidade das Augas das Rías de Galicia e de Ordenación do Servizo Público de Depuración de Augas Residuais Urbanas.

  No artigo 6 da lei mencionada, especifica que a comunidade autónoma de Galicia declara de interese xeral a depuración de augas residuais urbanas. Sen que ese interese local fose rebocado en ningún momento.

E para que así conste aos efectos oportunos, asínase o presente escrito en

Tomiño, 15 de setembro de 2021

A alcaldesa, Sandra González Álvarez

Asinado en Tomiño por sinatura Dixital Certificada na data que figura na marxe do presente documento

Cod. Validación: 7GFSZEZY33TZQGPYHTCJAA79M | Corrección: https://tomino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2